



## DECLARACIÓN DA XUNTA REITORA DO PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO

13 de xaneiro de 2010

---

Ante as duras circunstancias vitais e profesionais que nestes anos está a sufrir D. Isaac Díaz Pardo, presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego, a Xunta Reitora desta institución, na súa reunión do 13 de xaneiro de 2010, acordou por unanimidade facer pública a súa solidariedade con quen sen dúbida é unha das figuras máis senlleiras da cultura galega dos últimos setenta anos.

Non é necesario lembrarmos a longuísima, exemplar e infatigable traxectoria de Díaz Pardo como artista plástico; como creador xunto con Luís Seoane de empresas que elevaron o deseño galego a un nivel superior e o difundiron por todo o mundo, articulando cultura, creación e industria; como promotor de entidades que acolleron artistas e investigadores novos e vellos; como benefactor que empregaba gran parte dos rendementos desas empresas en financiar editoriais ou galerías sen as que moitos escritores non verían publicada a súa obra, moitos novos valores terían máis dificultades en expoñer, moitos foros da sociedade civil non atoparían local onde manifestarse e a memoria histórica se vería privada dun dos seus primeiros valedores. A débeda que temos todos con Díaz Pardo é impagable. Por iso resulta máis inxusto que no tramo final da súa vida sexa desposuído do que contribuíu a crear, teña que contemplar a destrución de gran parte da súa obra e mesmo se vexa obrigado a abandonar o lugar onde viviu e traballou os últimos vinte anos.

Por canto queda dito, esta Xunta Reitora coída que a solidariedade pasiva non abonda e fai un chamamento a todos, poderes públicos incluídos, a prol de articular a reparación que Díaz Pardo merece.